Historia da xota galega

A xota é o baile tradicional máis extendido pola península ibérica. Esta danza é bailada en Aragón, Cantabria, Asturias, Valencia, Cataluña, Navarra, A Rioxa, Baleares e Extremadura. Ainda que con lixeiras diferenzas en cada territorio.

O seu nome provén do mozárabe *šáwta, salto, e este do latín saltāre, bailar. Algunhas teorías din que este baile naceu en Valencia, provinte da palabra en valenciano antigo *xotar* (botar ou saltar), que pasou ao castelán como «jota».

A xota galega é un baile similar ao resto das xotas peninsulares, de onde chegou por man dos que ían á sega a Castela. Estas pezas musicais son interpretadas en festas e romarías polos mesmos grupos tradicionais que interpretan as muiñeiras, é dicir, normalmente: pandeireta, pandeiro, bombo, tambor e gaita.



O ritmo de xota adoita estar escrito en compás de 3/4, aínda que algúns autores sosteñen que o 6/8 adáptase mellor á estrutura do ciclo coreográfico e estrófico.
O baile ou danza estrutúrase en **paseo e punto**, habendo en ocasións unha terceira parte chamada **descanso**.

Fontes:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Xota

https://gl.wikipedia.org/wiki/Maneo